



PRESENTACIÓN (6 OCT 2015)

X PROBA, XXIV LIGA GALEGA ORIENTACIÓN O-PÉ

II Memorial Patxi Arufe

**SÁBADO 07/11/2015 – MATOGRANDE - BARRIO DAS FLORES
(A CORUÑA)**

Este boletín constitúe información básica sobre o lugar e características xerais da carreira. Será substituído polo Boletín 1, a publicar antes do 25 de outubro.

Organizador: Club APA Liceo

Dirección: Alberto Tabernero

Equipo técnico:

Cartografía: Iván Mera

Percorridos: Iván Mera e Tito Arufe

O Club APA Liceo davos a benvinda a participar o sábado 7 de novembro de 2015, na X Proba da Liga Galega de Orientación a pé, que desta volta terá lugar nun novo mapa urbano realizado neste mes de outubro de 2015. Estamos a traballar nun evento que de seguro será do agrado de todos os participantes e que non deixará indiferente a ninguén.

-ZONA DE CONCENTRACIÓN

Recinto escolar do Centro Liceo La Paz, Rúa Sebastián Martínez Risco 12 (Polígono residencial de Matogrande), 15009 A Coruña.

O acceso é moi doado pois se atopa na entrada á cidade pola principal vía de acceso, a Avenida de Alfonso Molina (AC-11, N550, AP-9), á altura do Carrefour e do Coliseum.

Coordenadas GPS: 43° 20' 29.13"N, 8° 24' 7.61"W



Haberá aparcamento no propio centro para autobuses e para o resto de vehículos ata completar o aforo. Pódese aparcarse en todo o recinto do polígono de Matogrande, estando tamén dispoñible un aparcamento de pago nas proximidades.

Dada as características da proba, non se deberá aparcarse fóra das zonas indicadas.

-ZONA DE COMPETICIÓN

Zonas residenciais de Matogrande e Barrio das Flores, dentro da cidade da Coruña.

-DATOS MAPA (provisional)

Escala 1:2500 a 1:5000

Equidistancia 2 m

Trátase dun mapa que se está a confeccionar por Iván Mera neste mes de outubro, adaptado á norma ISOM 2000. Completamente urbano, característico de carreira sprint, no que a peculiaridade do mesmo é a complexidade do urbanismo da contorna.

A equidistancia de 2 metros, permitida pola norma ISOM 2000 para terreos con pouco desnivel, non suporá unha axuda técnica relevante; o que debe buscar o corredor nesta carreira será a completa e detallada lectura dos elementos do mapa.

-DATOS CARREIRA e consideracións técnicas.

Distancia media sobre mapa sprint. Débese prestar especial atención a elección de ruta pois trátase dun barrio cunhas características “moi peculiares”,

que fai que no mapa monodimensional se reflexen ata 3 alturas de plano de carreira. Así, será unha carreira por definición rápida ou moi rápida. De seguro que suporá un desafío á concentración na lectura do mapa.

·HORARIO

09:30 Apertura de secretaría

10:30 Saída dos primeiros corredores todas as categorías

13:30 Peche de meta

·PERCORRIDOS: INFORMACIÓN TÉCNICA

Tal e como se recolle no Regulamento da Liga Galega de O-Pe para a temporada 2015, os percorridos oficiais serán 12.

·AVITUALLAMENTO

Non se prevé dispor avituallamento en carreira.

·INSCRICIÓN

A través da web da Federación Galega de Orientación (fegado.es) seleccionando o evento do calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse. Os participantes que todavía non teñan usuario terán que rexistrarse primeiro na Intranet, aínda que o desexable é que se poñan en contacto con algún club FEGADO para tramita-la inscrición como membro dese clube.

Data límite: martes 3 de novembro, 22:00 h.

CUOTAS de inscrición:

FEDERADOS: 4 €

NON FEDERADOS: (inclúe licenza-seguro federativa de 1 día):

a) INI CURTA: 6 €

b) INI LONGA: 8 €

A estes importes engadiranse 3 € no caso de precisar alugar a pinza sportident (obrigatoria para todos os percorridos).

O ingreso das inscricións + alugueiro de pinzas sportident realizarase mediante un ingreso na seguinte conta bancaria:

ES34 0238 8127 46 0600092282 (Banco Pastor), indicando no concepto: ***ORI LICEO BARRIO + nome do club*** (ou do participante non federado). O xustificante do ingreso debe enviarse ao seguinte e-mail: **oriliceo@gmail.com**

-NORMATIVA E SEGURIDADE

Sen estar definida aínda a zona exacta da saída, o que é seguro é o feito de que haberá que cruzar unha rúa de alta capacidade e densidade de vehículos; hai pasos de peóns regulados por semáforos para facelo con seguridade.

Todos os percorridos transitarán nalgún momento por rúas abertas ao tráfico, se ven se trata de zonas residenciais con preferencia para os peóns, e limitación de velocidade a 30 km/h para os vehículos, débese extremar a precaución. Estamos a valorar a prohibición de cruzar ou transitar por alguna estrada ou camiño, tanto por seguridade como por decisión do trazador de cara a conseguir unhas determinadas eleccións de ruta.

Os corredores teñen o deber de respetar as zonas indicadas como privadas ou prohibidas, así como precaución cos viandantes nas áreas de pouca visibilidade (esquinas dos edificios e muros).

Como especial precaución, xa que os percorridos poden ser a distintas alturas, débese ter especial precaución coas caídas a distintos niveis. Todas as zonas perigosas estarán marcadas no mapa co símbolo de inaccesible/impasable.

En cumprimento da normativa vixente, queda prohibido dende este momento o acceso á zona de competición para todos os participantes.

A Coruña, 6 de outubro de 2015